

*Depois de ler*  
**La Ondina del Manzanares**  
*de Lola Velasco*

VICENTE ARAGUAS

«Un pintor debe respetar siempre  
los impulsos de sus manos»

L. V.

Os anos máis brillantes  
eran aqueles cando todo viña  
de alá do fondo;  
un recurso tan fluvial  
como metro das cousas e da vida,  
e o tempo, nada.

Da miña óptica sentimental tiro  
un muño retellable,  
vellerías que poño na memoria  
insular, de illa triste,  
deshabitada  
polos lavancos.

Logo viría a carricova,  
o claxon da ambulancia  
atordoando as nubes de xullo,  
as luces de posición reflectidas  
na auga lamacentas  
do Manzanares.

Os anos máis brillantes  
son un engado: peixes  
infidos, prata louca  
e vertical, e vella  
para vestir ao rei espido  
do conto carismático.

Perdín aqueles anos,  
non os errei -perdinnos-  
como a neve no mar,  
ou de neno volvendo dun fascinio,  
o anel do sentimento,  
a moeda de ouro da desfeita.

\* \* \*

## *Cambio de estación*

Outono é o acaso, un pasodobre  
collido a rumbo, esta emisora  
de radio pon música española  
a ton coas follas que se murchan.

O pensamento baila coa tarde  
camiño dos bosques  
e é o acaso, verquéndose na mesa,  
unha estación perdida entre dos dedos.

Déixame que che cante un pasodobre,  
quediño, para vencer este «spleen»  
amarelo no mar e o campanario.

Que o tempo derrete case todo  
e o acaso en Outono sempre sabe  
a xelado de pistacho herbaboa.

## *Nadadora*

Ela foi cubrindo  
a eslora dunha  
piscina aberta  
ao campo.

Os choupos, os álamos,  
os ameneiros,  
testemuñas  
do espacio.

Pel de soles  
escuros,  
Ela leva un maillot  
branco.

Lonxe do fogo  
a mañá  
viña cun vento  
claro.